SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO
7/XUÑO/2001

SUMARIO

1.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA ACTA DO 10-MAIO-2001

URBANISMO

2.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, REFERENTE A APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NN.SS. MM., NO ÁMBITO DO CEMITERIO DE MAÑÓ.

3.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, EN RELACIÓN CON CORRECCIÓN DE ERROS DE MEDICIÓN E COTAS NO PROXECTO DE ESTUDIO DE DETALLE NA RÚA EIDOS.

4.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO REFERENTE A PROPOSTA DE CONVENIO URBANÍSTICO ENTRE O CONCELLO E TRANVÍAS ELÉCTRICOS VIGO, S.A.

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE A ADXUDICACIÓN DOS TRABALLOS DE REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL E EXECUCIÓN DE CARTOGRAFÍA DO CONCELLO DE REDONDELA.

Na Casa do Concello de Redondela, sendo as vinte horas do **día sete de xuño do ano dous mil un**, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. XAIME REI BARREIRO, e a asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as: D. MANUEL JAVIER NÚÑEZ SALGADO, D. EMILIO GONZÁLEZ IGLESIAS, DONA Mª DEL PILAR MARTÍNEZ GONZÁLEZ, DONA Mª DEL CARMEN RODRÍGUEZ CUNHA, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, D. CARLOS GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, DONA Mª. DEL CARMEN RODRÍGUEZ RIVAS, D. MANUEL RAMÓN CONDE ROMERO, D. EMILIO SÁNCHEZ SANTORIO, DONA AURORA ALONSO MONTEAGUDO, D. JOSE LUIS ALONSO BASTOS, D. MANUEL PUENTES SAAVEDRA, D. LUIS MÍGUEZ BOULLOSA, D. PABLO REBANAL ALFAYA, D. SALVADOR FERMIN PINTOS FERNANDEZ, D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO, DONA CECILIA PÉREZ ORGE, D. XOSÉ LUIS GRANDE GRANDE e DONA ÁNXELES GONZÁLEZ GÓMEZ, actuando como Secretario D. FRANDISCO REBOREDO SURÍS, por Delegación do Secretario Xeral acumulado, constitúese o Pleno en sesión extraordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do día.

Asiste, asimesmo o Sr. Interventor Xeral do Concello, D. MODESTO SOLLA SANZ.

Incidencias: Excusou a súa ausencia D.ALEJANDRO BASTOS FERNÁNDEZ.

EL NUMERADO
PORACIÓNS
LOCAIS

1.-APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA ACTA DO 10-MAIO-2001

Pola Presidencia dase conta do borrador da acta do Concello Pleno correspondente a sesión celebrada con carácter extraordinario o día 10 de maio de 2001, O Concello Pleno, por unanimidade de todos os membros asistentes, acordou prestarlle a súa aprobación a acta da devandita sesión coa matización do Sr. Pazos Docampo na súa primeira intervención con repecto o punto 6 da orde do día que dixo "estos son datos publicados pola Consellería" non se refería o proceso de normalización nas escolas.

2.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, REFERENTE A APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NN.SS. MM., NO ÁMBITO DO CEMITERIO DE MAÑÓ.

ANTECEDENTES

Redactado polos servicios técnicos municipais proxecto urbanístico referente á modificación puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento no ámbito do cemiterio municipal de Maño, co obxecto de delimita-la zona de ampliación e protección do cemiterio, cualificando como equipamento dotacional relixioso (CE) solo non urbanizable común e como equipamento de estradas (CA) a zona coa cualificación de equipamento "O", outros usos.

Rematada a fase de elaboración do planeamento trala solicitude de tódolos informes sectoriais procedentes e a emisión, entre outros, do informe que se menciona no artigo 41.3 da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do Solo de Galicia, que tivo entrada neste Concello o día 9.10.2000 (Rexistro núm. 6334).

Cumprimentados polos servicios técnicos as observacións que se indicaban no informe citado.

A Comisión Informativa de Urbanismo na súa reunión de data 29.05.01, emite dictame n que se propón, entre outros acordos, ó Pleno do Concello a aprobación inicial do instrumento de planeamento elaborado (modificación puntual).

INTERVENCIÓNS

Conde Romero: No é extraño que se modifiquen as NN.SS só para beneficio dunha persoa. No Cemiterio está o 40% sen construír e en total abandono.

Alcalde: O que se vai facer é afectar 50 metros para ampliar, no seu día, o Cemiterio, e o que se refire o Sr. Conde é con respecto o tanatorio e non do asunto que se trata.

Pazos Docampo: manifesta que o PP mantén o sentido do voto e cambia os criterios con respecto a afección.

González Iglesias: Preguntalle o Sr. Conde onde situaría un novo cemiterio, tendo en conta que non pode estar a 50 metros dunha vivenda.

Conde Romero: Que o cemiterio leva máis de trinta anos construído e que a propia Lei xa contemplaba os cincuenta metros de afección.¿Por qué se modifican as NN.SS cando se está redactando un novo Plan Xeral?. ¿vai a servir para facer os viais o aparcamento en beneficio de alguén?.

Alcalde: Retólle a que diga si hai alguén beneficiario agás o Concello, a mais grande parte dos panteóns se fixeron desde o ano 81 para acá.

VOTACIÓN E ACORDO: O Concello Pleno, de conformidade co dictame emitido, cos vostos a favor dos/as Sres/as Concelleiros D. MANUEL JAVIER NÚÑEZ SALGADO, D. EMILIO GONZÁLEZ IGLESIAS, DONA Mª DEL PILAR MARTÍNEZ GONZÁLEZ, DONA Mª DEL CARMEN RODRÍGUEZ CUNHA, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, D. CARLOS GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, DONA Mª. DEL CARMEN RODRÍGUEZ RIVAS, D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO, DONA CECILIA PÉREZ ORGE, D. XOSÉ LUIS GRANDE GRANDE, DONA ÁNXELES GONZÁLEZ GÓMEZ e o Sr. Alcalde, e cos votos en contra dos/as Sres/as Concelleiros/as D. MANUEL RAMÓN CONDE ROMERO, D. EMILIO SÁNCHEZ SANTORIO, DONA AURORA ALONSO MONTEAGUDO, D. JOSE LUIS ALONSO BASTOS, D. MANUEL PUENTES SAAVEDRA, D. LUIS MÍGUEZ BOULLOSA, D. PABLO REBANAL ALFAYA, D. SALVADOR FERMÍN PINTOS FERNÁNDEZ, **acorda:**

Primeiro.- Aprobar inicialmente a devandita modificación puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento no ámbito do cemiterio municipal de Mañó.

Segundo.- Sometela ó trámite de información pública por prazo dun mes mediante a inserción de anuncios no diario Oficial de Galicia, Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e nun dos diarios de maior circulación da Provincia, a efectos de que poida ser examinado o expediente e deducirse as alegacións que estimen pertinentes.

Terceiro.- Determinar que as areas do territorio obxecto do planeamento que quedan afectadas pola suspensión automática do procedemento de outorgamento de licencias de parcelación de terreos, edificación e demolición son as comprendidas en todo o ámbito da modificación.

3.-DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, EN RELACIÓN CON CORRECCIÓN DE ERROS DE MEDICIÓN E COTAS NO PROXECTO DE ESTUDIO DE DETALLE NA RÚA EIDOS.

ANTECEDENTES

Con data de 5-IV-01 D. Lino Couñago Taibo, en representación de Redondela Promociones Constructivas, S.L. solicita corrección de erros do Estudio de Detalle da rúa Eidos aprobado definitivamente polo Concello Pleno en sesión de data 27-10-99.

Os erros detectados consisten en acotar correctamente os 11,90 metros de fachada e os 247,74 m2 de solar que se mencionaban no instrumento urbanístico no seu día

NUMERADO
PORACIÓNS
LOCAIS

tramitado dado que en realidade tales cotas eran de 13,30 metros para a fachada e 248, 33 m2 para o solar.

No expediente constan informes favorables do Concello Municipal e do Secretario do Concello de datas 16.04.01 e 10.05.01, respectivamente.

En data de 29.05.01 a Comisión Informativa de Urbanísmo emite respecto da corrección proposta dictame favorable.

VOTACIÓN E ACORDO: O Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, de conformidade co dictame emitido acorda:

Primeiro.- Correxir e subsanar os erros detectados no Estudio de Detalle da rúa Eidos incorporando ó mesmo os planos 1 e 3 visados polo COAG con data 27.03.01 e aportados pola propiedade.

4.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO REFERENTE A PROPOSTA DE CONVENIO URBANÍSTICO ENTRE O CONCELLO E TRANVÍAS ELÉCTRICOS VIGO, S.A.

ANTECEDENTES

Con data 7 de marzo de 2001 o Sr. Alcalde, e D. Jacobo Fontán Domínguez, en representación de Tranvias Eléctricas de Vigo, S.A. formalizan proposta de Convenio Urbanístico que ten por obxecto calificar como Solo Urbanizable Industrial unha finca de 22.446 m2 propiedade da mercatil Tranvias Eléctricos de Vigo ubicada en Cabanas e que ostenta na NN.SS MM vixente a clasificación de Solo Non Urbanizable especialmente protexido de Costas e Praias e nunha pequena parte como solo non urbanizable común.

A nova clasificación e as demais determinación que se indican no convenio citado quedan condicionadas o proceso de redacción do PXOM e ós informes sectorias dos organismos competentes e protecciónss legais imperativas que poideran existir.

Con data de 16.03.01 e 20.04.01 emiten informes favorables o Arquitecto do Concello e o Secretario Acumulado.

Con data de 1.06.01 a Comisión Informativa de Urbanismo emite dictame favorable propoñendo ó Concello Pleno a aprobación do proxecto de convenio formalizado.

VOTACIÓN E ACORDO: O Concello Pleno, de conformidade co dictame emitido, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro: Aproba-la proposta de convenio que en consecuencia adquire o rango de convenio urbanístico nos términos indicados na proposta do mesmo.

Segundo: Dar traslado do convenio á Autoridade Portuaria de Vigo, toda vez que está en tramitación o Plan de utilización dos espacios portuarios na zona de servicio do Porto de Vigo correspondente ó término Municipal de Redondela.

Terceiro: Instar o Secretario a dilixencia del documento formalizado indicando o presente acordo.

Cuarto: Dar traslado do presente acordo e de copia del convenio suscrito ó equipo redactor do PXOM ó obxecto de que incorpore as súas determinación a dito instrumento urbanístico.

5.-PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE A ADXUDICACIÓN DOS TRABALLOS DE REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL E EXECUCIÓN DE CARTOGRAFÍA DO CONCELLO DE REDONDELA.

ANTECEDENTES

Celebradas con data 15 e 24 de maio do ano 2001, o acto de calificación de documentos e apertura de plicas presentadas ó concurso convocado para a adxudicación de contrato administrativo de asistencia técnica referente a "REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL E EXECUCIÓN DE CARTOGRAFÍA DO CONCELLO DE REDONDELA".

Vista a proposta da Mesa de contratación na que, previa valoración dos criterios obxectivos de adxudicacións establecidos no prego de condicións administrativas, propón a adxudicación do concurso convocado á mercantil ARTEPLAN GALICIA S.L.

VOTACIÓN E ACORDO: De conformidade coa proposta da Alcaldía de data 4 de xuño de 2001, **O Concello Pleno**, por unanimidade de todos os membros asistentes, acorda:

Primeiro.- Declarar a validez do acto de licitación celebrado.

Segundo.- Adxudicar, polo prezo de 60.000.000 de pesetas IVE incluído o Concurso de "REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL E EXECUCIÓN DE CARTOGRAFÍA DO CONCELLO DE REDONDELA", á empresa ARTEPLAN GALICIA S.L., representada por D. Manuel Jesús Fereijeiro Martínez, con suxeición estricta ó Prego de Cláusulas Administrativas particulares, os seus anexos e os Pregos de Condicións Técnicas, que se incorporan como anexos, I, II, III, IV e V, e melloras ofertas por este licitador, consistentes en:

A realización dos traballos en oito meses, sen incluír no dito periodo os prazos correspondentes a tramitación administrativa.

Terceiro.- Dispoñer o gasto con cargo á Partida 004321A 640 00 do estado de gastos do orzamento deste Concello.

Cuarto.- Proceder á devolución das garantías provisorias a todos os licitadores, agás ó adxudicatario.

NUMERADO
PORACIÓNS
LOCAIS

Quinto.- Notificar ó adxudicatario a presente resolución, requeríndoo para que no prazo de 15 días naturais constitúa na Caixa da Corporación deste Concello, fianza definitiva por importe de 2.400.000 pesetas, equivalentes ó 4% do importe de adxudicación, citándoo para que dentro dos 30 días seguintes ó da recepción deste acordo concurra á formalizar o contrato en documento administrativo.

Sexto.- Facer pública a adxudicación acordada mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dase por rematada a presente sesión, sendo as vinte horas e quince minutos da data fixada no encabezameto, en proba de todo o que, se extende a presente Acta, que se inscribiu no Libro dende a volta do folio centotrinta e tres do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A nº 1176041, ata o folio centotrinta e seis, Serie A nº 1176044, de todo o que, como Secretario do presente acto, dou fé.

O ALCALDE

O SECRETARIO, ACCTAL

Asdo: Xaime Rei Barreiro

Asdo: Francisco Reboredo Surís